

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 3 CINTA 4****Museo
do Pobo
Galego****instituto de
estudos das
identidades****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0004_003_en_0_05_28_id627_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_003_en_0_05_28_id627.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala sobre o mantemento das embarcacións e das redes. Entre outras cousas fala das diferencias entre dar alcatrán e dar brea, o proceso de encascado (tinguidura do aparello) e a función das atadeiras neste proceso.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, mariñeiro, limpeza da embarcación , partilla, alcatrán, brea, secado curado encascado da rede, atadeira, traballo da muller.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: E quen se encargaba da limpeza do barco aparte dos rapaces, porque despois o barco había que limparlle os fondos, había que darlle patente, alquitrán e todo iso.

R: Iso era o armador, por conta do armador.

P: Iso o armador, e aí os mariñeiros non entraban ¿non?

R: Non entraban, na reparación de barcos, de pintura e do coidado dos barcos sempre era o armador.

P: ¿Que avisaba a outra xente, ou pagáballe a uns mariñeiros máis?

R: Tiña xente, tiña fillos ou xenros, ou iso.

P: Para pintalo, para darlle alquitrán e todo iso.

R: Había algún achegado ó cabo da partilla¹ dábaselle un par de duros, ou unha compensación e axudábache un día a limpar o barco, a amarrar o barco e iso, vamos sempre un quiñón.

P: E o alquitrán ese antes fervianno en potes ou queimábase en potes na area ¿non?

R: Ese alquitrán había que dalo a correr, pero moitas veces plantaba fogo no pote.

P: Por iso.

R: Potes de ferro, e descuidábaste un pouco e plantabas fogo no pote, e prendías todo.

P: E o alquitrán ese antes fervianno en potes ou queimábase en potes na area ¿non?

R: Ese alquitrán había que dalo a correr, pero moitas veces plantaba fogo no pote.

P: Por iso.

R: Potes de ferro, e descuidábaste un pouco e plantabas fogo no pote, e prendías todo.

P: ¿Esa brea e alquitrán era o mesmo? ou a brea era outra cousa.

R: A brea é outra cousa.

P: É outra cousa ¿Para que máis se daba a brea? Para que se daba o alquitrán e para que se daba a brea.

R: A brea era para entaponar máis, facía máis tapón, o alquitrán era para curar, ó poñelo ó sol a madeira abría.

P: A madeira toda do barco.

R: A madeira abría, e as cubiertas abrían, pero despois ó darlle o alquitrán con brea, a brea metíase entre as rejas...

P: Si das xuntas todas.

R: Das xuntas, entón taponaba.

P: Taponaba.

R: Era para taponar a brea, ademais o alquitrán é para curar e a brea é para taponar. A brea taponar os agujeros. Moitas veces colles un buraco... ou calquera cousa, un buraco ou un trastazo que deches, colles unha pouca brea e un mazo, unha masa de estopa e un pouco de alquitrán e un pouco de area e fai unha pedra, canto mais húmeda estea máis duro está.

P: E dábase tamén por fóra ó barco, ou por arriba.

R: Mais por cubierta.

P: A cubierta donde lle pegaba máis o sol claro, ¿e limpaban a menudo os barcos?

R: Todos os anos. Había (?)...

P: Unha vez ó ano.

R: Unha vez ó ano. Antes de ir para o mar dabas pintura, pintábase o barco, lavábase todo. Pintábalo de novo coma se foras a vestir un traxe novo, como cando vas a romería.

¹ A partilla” era a repartición dos cartos.



P: E aí cando pintaban os mariñeiros non entraban, o armador xa tiña xente de man que se dedicaba muito a iso, a pintar os barcos ¿non?

R: Muitos mariñeiros, que eran mariñeiros se acaso de tres ou catro anos na túa compañía, e axudábanche a calquera cousa ¿non?. Ou moitas veces que había que auxiliar un aparello porque non tiña sol para auxiliar o aparello. Se acaso levabas dous meses sen auxiliálo e a humidade naquela rede facíalle muito daño....

P: E os aparellos eses antigos, antes de encascar levábanse a secar ¿non?

R: A secar si, a poñer en seco.

P: En seco, ¿e que levaban xa todos os mariñeiros ou era outra xente?

R: Non eso era cousa particular, o que non era para encascar...

P: Era do armador.

R: Non andando ó mar. Andando ó mar polo menos, polo menos cada armador tiña tres aparellos, tres aparellos que non fan nin un cartón dos outros que hai agora, que había agora, porque o aparello se un home o leva ó lombo, vai outro colle o aparello ó lombo e metíano na chabola.

P: Sin embargo estes aparellos, quitando cando estaban a secar despois ¿eran os propios mariñeiros quenes o levaban a encascar?

R: Non.

P: No secado e no curado...

R: Cando había que encascar un aparello, tiña que estar dous ou tres días na casa a reparar, porque tiña roturas entón tiñas as mulleres.

P: As atadeiras.

R: Collían por un chicote e terminaban polo outro, para reparar os aparellos, entonces estaba a casca fervendo, que a facía o armador para encascar, e ó acabar as atadeiras de reparar o aparello había un que lle chamaban Jesús “O Balouqueiro” que era quen halaba os aparellos do pilón ó encascador, porque había un pilón así, que a casca botábase naquel pilón e despois ibas mollando o aparello, non cabía todo o aparello ¿non? o que cabía.

P: Había que andar ós poucos.

R: Así iba halando o aparello o home, así medio quente que se mezclase ben, e iba así terminando de encascar o aparello.

P: Suso “O Balduqueiro” que foi o que quedou cego.

R: Quedou.

P: E o traballo que facía el era encascar.

R: Dedicábase a encascar.

P: Era o que se encargaba, non iba o mar, el e se encargaba sempre de encascar os aparellos de todos os armadores.

R: Si de todos que o chamaban. Outros encascaban eles mesmos ¿non?